


A partir de 9 anos



El colegio de los animales mágicos. Margit Auer.
Edelvives

Ida acaba de cambiar de cidade, é nova no colexio e non coñece a ninguén. Benni leva moito tempo na mesma clase, pero nunca tivo sorte facendo amigos. Semellan os mellores candidatos para recibir os dous primeiros animais máxicos.

Aventuras de la mano negra. Hans Jürgen Press

Un grupo de amigos xúntase á saída do colexio para levar a cabo investigacións de detectives. Catro historias que invitan ao lector a participar no xogo de pistas que, a través da trama, do texto e as ilustracións, se lle van presentando.



A cazadora de estrellas. María Canosa. Xerais.

Megumi era unha das mellores cazadoras de estrelas da súa comunidade. As súas frechas trazaban no ceo o debuxo dun arco ata cravarse xusto no medio das estrelas pequeniñas e moi brillantes para crear, entón, unha neboeira de luz.

A señorita Bubble. Leticia Costas. Xerais.

A xente da vila sentiu un odio repentino pola señorita Bubble desde o mesmo día da súa chegada. A inventora apareceu por sorpresa unha mañá solleira, conducindo un convertible que funcionaba a vapor, e instalouse naquela vivenda que levaba tantos anos deshabitada.. Ninguén sospeitaba o que en realidade sucedía no interior da mansión da señorita Bubble.




TEMPO DE ...

VACACIÓNS

LECTURAS

EMOCIÓNS




CEIP
PLURILINGÜE
MONTE
DOS POSTES



Equipo de Biblioteca
Equipo de Dinamización Lingüística


De 3 a 7 anos




Os tesouros do illa de Granellandia. Granell. El patito Editorial.

Esta é a historia dos tesouros descubertos na Illa de Granellandia, a través dunha viaxe de ida e volta na cometa do surrealismo. Unha introdución á obra do pintor xenial Eugenio Granell.


La estrella viajera. Rafael Ordoñez Cuadrado. Lo que leo. O maior desexo de Candela, a pequena estrela de cor laranxa, é coñecer outros mundos. Pero ela soa non pode viaxar e por iso está triste. E nestas aparece Halley.



Colección Arte Travieso. Violeta Monreal. Lo que leo.



La mamá que ganó muchos premios. Allan Ahlberg. Lo que leo. Nesta nova aventura, a señora Gaskitt ten un día de sorte e gana numerosos premios. Pero, ademáis, a nova mestra de Gus e Gloria leva sempre unha enorme e misteriosa maleta. Os seus alumnos non saben que hai dentro.




Radio BuleBule. Paco Nogueiras. Kalandraka. Radio BULEBULE" é o novo traballo de Paco Nogueiras. O medio radiofónico inspira as 12 cancións deste novo libro-disco no que volven participar o ilustrador David Pintor e José Miguel Sagüillo dirixindo os videoclips.

De 7 a 9 anos



Los poemas de la oca loca. Gloria Fuertes. Kalandraka. Homenaxe á inolvidable poeta dos nenos cunha selección de rimas para que os lectores de hoxe poidan saborear os seus versos de onte: xogos de palabras, musicalidade e eterna tenrura.

Un baul cheo de piratas. Ana Rossetti. Alfaguara. No faiado hai un vello baúl cheo de cousas inútiles. Pero Chus, Cris, Toño, Gabi e Manu usarán a súa imaxinación para convertelo nun barco pirata e vivir unha estupenda aventura nos mares do Sur da illa do tesouro.



El gran libro de la naturaleza. Mullenheim. Larousse. Cuns títulos que espertan inmediatamente a curiosidade (Rarezas do máis raras, Mil e un tesouros, Misterios ocultos) neste libro apaixonante pódense ver montañas con sombreiro en Turquía, árbores de tons impresionistas en Canadá, bolas xigantes en Nova Zelandia, unha chuvia misteriosa de cor vermella en Kerala (India)...

Mar adiante. M^a Victoria Moreno. Xerais. Publicada en 1973, Mar adiante é a primeira novela en lingua galega de M^a Victoria Moreno e unha das novelas fundadoras da literatura infantil en galego. Unha mestra contoulles un día aos compañeiros que viña de poñer escola nun barco, o Arroás.



A bruxiña da sorte. Concha Blanco. Alfaguara. Lúa, a bruxiña da sorte, chega ao escaparate da tenda de regalos de Tomé. Alí faise amiga de Cuqui, un reloxo despertador cativado polas historias que contan os libros; de Mina, unha bolboreta, e tamén de Pax, un cabaliño do demo namorado. Grazas ás fórmulas máxicas de Lúa, todos verán cumpridos os seus soños.